

# DE CONVERSA: Sero o Molinero, un home locuaz cheo de vitalidade.

**Isidoro González Paz**  
**Jaime Iglesias González**

Cando falamos con César Gil Dovalo, nome propio do noso interlocutor, o primeiro que lle preguntamos foi por que lle chaman o *Molinero*

- O nome de *Molinero* venme de meu pai, Eustasio Gil Rodríguez, un palentino de Carrión de los Condes, que antes de achegarse a Pontevedra traballou de "molinero" nun dos grandes muíños daquelas terras "cerealistas". Meu pai, aínda que se sentía moi identificado con Galicia, mantivo ó longo da súa vida tres peculiaridades: sempre falou castelán, nunca probou o pan de millo e conservou con orgullo o sobrenome de *Molinero*. E eu, con ese vencello castelán, teño a fachenda de ser Sero o *Molinero*, como me coñece a maioria da xente de por aquí.

Pero, obviamente, Sero tamén ten raíces en Lérez. Cántanos, con non menos orgullo, que é neto de Sebastiana Cons, a do Peste, coñecida pola *Ghabardina*, que andaba nas feiras e que a finais de século XIX puxo unha tenda no Camiño Vello, primeiro fronte á casa do Santo e despois un pouco máis abaixo. Pero, o abrirse a estrada de Camplameiro, -para non perder a clientela- instálase no Socorro, onde despois estivo a panadería Portela. Esta tenda foi o antecedente da do *Molinero*, pois a filla de Sebastiana, Dolores, casou con Eustasio quen chegou a levar a iniciativa do negocio que definitivamente instalaría no Empalme.

Sero naceu no ano 1923, o día de nadal. Dende pequeno respirou a atmosfera da tenda, viviu as peripecias da taberna e, dende moi novo, colaborou na prosperidade do establecemento familiar. Isto non foi un atranco para estudar por libre a carreira de Comercio – Perito Mercantil- na Escola de Comercio de Vigo, título que, aínda que lle deu cultura, prestixio e ferramentas para se defender na vida, nunca chegou a usalo como tal.



- Ó rematar a carreira pensei preparar as oposicións a "Hacienda". Pero decateíme dos baixos salarios que tiñan algúns amigos que xa as aprobaran. Isto, xunto cos consellos de meu pai que me animaban a continuar coa tenda, determinaron que finalmente me fixese cargo dela en 1946. E non me foi mal. A vida foi e segue a ser moi xenerosa comigo, sempre me deu más do que eu lle pedía. Despois de traballar moito, levo unha vellez marabillosa coa muller, fillos, netos e bisnetos.

O establecemento do *Molinero* foi moi variado. Era unha tenda moi arreada onde chegaron a despachar catro persoas diariamente a unha ampla clientela non só de Lérez senón tamén doutras parroquias como Alba, San Vicente, Verducido e Xeve. Ademais, daba comidas, en especial a agricultores de Cambados, Ribadumia, Briallos, Caleiro, Corón, que traían a vender os seus produtos hortícolas a Pontevedra. Había días que servían más de corenta xantares.

- A crise do meu negocio comezou cando estes agricultores foron deixando os carros de cabalos e se fixeron con furgonetes que lles permitían volver a tempo para xantar nas súas casas. A estocada final déronma os autobuses de liña que puxeron a Xeve e Verducido, que me deixaron sen clientes desas zonas e coas súas débedas ás miñas costas, pois xa se sabe que daquela a maioría das vendas facíanse a fiado.

O Molinero tamén tiña pensión, chegando a albergar máis dunha ducia de hóspedes entre os que se encontraban policías destinados en Pontevedra e mais veciños de Lérez que, como Arturo Foceiro ou Inocente Ucha, vivían aquí emancipados dos seus pais. Pagaban 250 pesetas ó mes pola pensión completa, incluíndo, ademais, o lavado da roupa, así como repasala e pasarlle o ferro.

*- Da nosa casa teñen saído varios noivos para casar. A todos se lles facían os preparativos e honores coma se fosen da familia. Lembro agora a Ángel Rodríguez que casou con Claudina Estévez e a José Monteagudo que o fixo coa profesora dona Emilia.*

O traballo, a honradez e o servizo fixeron da do Molinero unha tenda de prestixio, tanto na etapa do pai coma na do fillo. Cántanos Sero que foi aval de moita xente perante bancos e caixas de aforro e dinos con satisfacción que só lle fallou unha persoa que marchou para a Arxentina e que el tivo que pagar as 3.000 pts. que pedira o "escapado" mais os xuros correspondentes.

Idéntica compracencia sente Sero cando manifesta que había clientes que domiciliaban na taberna – calle Socorro, nº 146- as cartas de fillos, noivos ou maridos que estaban na guerra ou, más tarde, na emigración americana. Tiñan medo que na "cartería oficial" lles abrisen ou requisasen as cartas e aproveitasen a información para quen sabe que fins. Sero ten feito documentos de contrato e de compravenda entre veciños que confiaban nel.

*- Cando lles fixen o contrato de obra polo que o señor Manuel Iglesias, o Reiciño do Arco, gran canteiro e home agradable, lle faría a cantería da casa a José Silvent, Barriga Verde, estipulábase que a fachada sería de "piedra a pico de bujarda".*

Esta e outras precisións confirman a boa memoria de Sero. Así que, ó citarnos a Barriga Verde, non puidemos substraernos de preguntarlle por el na seguridade de que obteríamos unha resposta rigorosa.

*- Barriga Verde era cliente e amigo da casa. Home humilde pero honrado e entusiasta. Xordo, xordeira que lle aumentou nos últimos anos da*

*vida. Traballaba os "títeres" coma ninguén. Hoxe sería un gran artista. Barriga Verde tiña un espectáculo no que participaba toda a familia. A sobriña Digna cantaba moi ben e o neto Arsenio facía xogos malabares. Emerenciana anunciaba o espectáculo ofrecendo atractivos que realmente non había no interior de barraca. Tiveron éxito andando polas festas durante os veráns. No inverno levaban cine pola Lama e outros lugares do interior. A popularidade do espectáculo dáballe para vivir ben aínda que el, co seu humor retranqueiro, dicía "a festa dá para comer non comendo moito."*

Sero coñece a xente de Lérez e contorna así como as súas relacións familiares e profesionais: o García do Empalme (Manuel) era irmán do marido da Resteba do Arco (José); a panadería de Bernardo Rey, o Farrancheiro, herdouna a filla Consuelo e despois collerona Fina e Silvino Castro; a panadería de Portela (La Lerezana) tamén estivo no Pasarón; o Carranco, ademais de taberneiro, era o albeite de Lérez ; os moinantes non só vivían no Camiño Vello senón que os había no Cruceiro (os Chirimbos), na Piolla (Aurora), na Cendona (Adolfito), etc. Ten especial recordo de Barbolla, médico excepcional que atendeu a toda a súa familia. Cando se inaugurou a Caixa Rural de Lérez (1933), Sero aínda era moi novo pero, como era moi observador, lembra unha curiosa anécdota dese acto.

*- No acto de inauguración do edificio da Caixa Rural, o Empalme estaba todo cheo de xente que esperaba oír os discursos que os dirixentes pronunciarían desde o balcón principal. O primeiro en tomar a palabra foi Manolo Gama, un gran dirixente que foi moi aplaudido. Cando lle tocou a vez a José González, o Fradiño de Casal Novo, quedoulle a mente en branco e case non pudo decir nada. Para disimular o silencio, colleu a palabra Juan Magdalena, que había ser un dos fusilados pouco despois de comezar a guerra civil.*

Despois dos discursos houbo un banquete de irmandade que foi servido polo Molinero. Custaba 5 pts. por persoa e o menú constaba de friames, pescada rebozada con ensalada, carne estofada e carneiro con patatas guisadas. Ademais, pan, viño, sobremesa, café e licores.

- Esta experiencia cooperativa, que pretendía modernizar a agricultura e axudar os campesiños, non foi permitida polo novo réxime que xurdiu da guerra civil. Así que a Caixa non pudo pagar a hipoteca que contraera coa Caixa de Aforros de Vigo quen se quedou co edificio. Este, despois, pasou por varias mans ata chegar ós actuais propietarios.



*Edificio da antiga Caixa Rural de Lérez.*

De rapaz, Sero ten ido ós bailes de disfraces de *Juventud Lerezana* e lembra que, cando se inaugurou o local social feito con achegas dos veciños, tamén serviu o xantar o Molinero, aínda que neste caso custou tres pesetas con cincuenta céntimos.

- Despois de incautado, o local serviu de "polvorín". O día vinte e seis de decembro, creo que de 1940, houbo unha enorme tormenta e unha chispa, que estremeceu as casas do lugar, caeu na do Carranco. A súa forza fixo que lle saltasen as zapas e os borreiros dos bocois polo que se lle derramou todo o viño, e as patacas apareceronlle preto do río. Se non fose porque uns días antes retiraran toda a munición almacenada no local da Juventud habería en Lérez unha desgraza de grandes proporcións, pois seguramente a pólvora explotaría e a súa onda expansiva mataría xente e derrubaría casas.

Na opinión de Sero durante a república había moita inseguridade e, aínda que todo estaba moi barato, non se vendía nada porque non había cartos por falta de traballo. Afirma que as guerras sempre traen moitos prexuízos para o países. Coida que durante a ditadura de Franco non había liberdades, todo era pecado e había que ir á misa aínda que fose sen ganas.

- Foron épocas de moita miseria. Na taberna vendíase unha onza de chocolate, un cuarterón de aceite, un cuartillo de viño, unha ración de pan moreno. En fin, vale máis o que se tira hoxe có que se mercaba daquela.

Sero coméntanos que despois da guerra, houbo moitos presos políticos, tantos que cando se promulgou a amnistía, a Gran Vía estaba chea de xente, entre os que saían do cárcere (situado daquela nos sotos da anterior sede da Delegación de Educación) e os familiares que os esperaban; sabe como rodeaban as casas cando os cívicos ían buscar a alguén para "pasealo"; e fálanos de varios lerezáns daquela perseguidos como, Manolo o Candiña, Custodia de Gama, Manolo Gama e Arturo Sánchez Rey.

- A este veciño do Burgo salvouno miña nai cando viñeron buscalo ás tantas da mañá á nosa casa (hospedábase aquí). Petaron á porta repetidamente e dicían: "Que salga Arturo Sánchez que sabemos que está ahí". Nun arranque de coraxe, miña nai saltou da cama, asomouse á ventá e díolle ós cívicos: "A Sánchez ya lo detuvieron ayer". A coincidencia de apelido salvou a Arturo, pois a quien levaran realmente fora a Albino Sánchez, o Perrita, que non tiña nada que ver con Arturo.

Conversar con César Gil Dovalo é unha ledicia. Atopamos un home informado e locuaz e axiña nos decatamos de que está cheo de vitalidade e en plenas facultades; Trátase dunha persoa agradecida á vida, honrada, traballadora e pragmática: el, un Perito Mercantil, rexentou unha acreditada tenda que, cando non foi rendible, traspasouna e dedicouse a porqueiro con toda a dignidade.